

GAÑADOR ADULTOS

JOSÉ RAMÓN VILAS COSTAS

CPI Manuel Padín Truiteiro (Soutomaior)

VICHES QUE PREZOS?

- Viches que prezos? - dixo el moi baixiño, como se falase a ras do chan.

- A crise - dixo ela mais altiva.

Vírose por primeira vez nunha tenda de zapatos do centro da cidade, desas modernas, sen portas, que dende a rúa xa ves o que che gusta. Unha tarde de Nadal o destiño ou Papá Noel levounos a aquel piso da rúa Michelena e o amor agromou con música de panxoliñas.

Ela é esbelta, de pel lisa e suave, atrevida. Nas rúas comerciais reluce e fronte ós escaparates reflíctese como a lúa chea no mar calmo.

El é baixo e forte, de pel escura e moi boa planta, elegante. É deses que che enche o ollo nada máis velo.

Ós dous góstalles camiñar pola cidade vella nas tardes de poalla, iso asegura pasar a noite xuntos fronte á cheminea.

Despois dunha longa tempada este podería ser o seu derradeiro paseo. O inverno esmorece madurado pola choiva e o frío. As rebaixas rematarán axiña e o sol da primavera imporá unha nova colección. As rúas están ateigadas. Ela camiña diante, sinte que el non lles quita ollo as súas curvas que a anchan e a estreitan so onde convén. Detéñense diante daquela zapatería onde todo comenzou.

- Viches que prezos? - díxolle con tristura o zapato a bota.